

Entidades educativas de Galicia, Cataluña e Euskadi apostan pola "construcción da soberanía educativa"

Realizaron o primeiro acto do evento Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo.

Por [Galicia Confidencial](#) | Compostela | 12/06/2022 | Actualizada ás 12:31

O auditorio do compostelano Museo do Pobo Galego acolleu este sábado o primeiro acto do evento **Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo**, organizado de forma coordinada polas Escolas de Ensino Galego Semente (Galiza), Ikastolen Elkartea (País Vasco) e La Bressola (Cataluña Norte).



Primeiramente o presentador, o poeta e improvisador Séchu Sende, **ofreceu un repaso pola historia da relación galego-vasco-catalá**, reivindicando a Tripla Alianza de 1923 preto do seu centenario como tamén o pacto de Compostela e o primeiro Galeusca de 1933 polo seu «espírito internacionalista» e a súa reclamación de «soberanía política».

Axiña, a xornalista e cineasta Comba Campoy leu a declaración conxunta das tres escolas, onde se recoñecían **«iniciativas educativas populares, autocentradas nas nosas realidades nacionais, promotoras da renovación pedagóxica, laicas e sen fins lucrativos»**. Nos seus cinco puntos, a declaración reclamaba para o «ámbito educativo» a eliminación das «restrições lingüísticas», o recoñecemento das «nosas culturas», o «cumprimento integral da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias», o cese da «ingerência dos Tribunais españois e franceses na planificación lingüística dos nosos sistemas educativos» e a «construción de soberanía educativa plena nas nosas naçons». Procedeuse, a seguir, coas intervencións das escolas.

O lehendakári das Ikastolen Elkartea, Koldo Tellitu, lamentou a actual fraqueza da defensa da lingua nun ámbito educativo vasco «insuficiente» na tarefa de «euskaldunización». Canto ao pacto alcanzado por 90% de forzas políticas vascas para a elaboración dunha nova lei educativa, dixo ser unha boa noticia, «imprescindíbel», mais aínda menor do necesario.

Coincidiu Eva Bertrana, directora de La Bressola, na crítica a aquel Estado, onde as escolas con maior incorporación de linguas distintas da francesa proibem comunicarse coas familias en catalám, mostrando aos nenos que «as cousas serias son en francés». Para alén do lingüístico, reivindicou a necesidade de renovación pedagóxica para a construción dun sistema de ensino de calidade.

O Coordinador Nacional das escolas Semente, Santiago Quiroga, sinalou o sistema galego de ensino público como axente desgaleguizador e propuxi como receita a «organización popular», pondo como exemplo o caso da materia de Xeografía e historia da Galiza no ensino secundario, que as mobilizacións populares lograron manter no currículo. Insistiu na importancia de expandir o proxecto Semente a toda a xeografía nacional,

mais tamén de tomar medidas para «galeguizar o ensino público». Acabou reivindicando unha «escola humanística e emancipadora»,

Entre as asistentes contábanse representantes da Asociación Galega da Lingua, da Mesa pola Normalización Lingüística, do C.S. A Gentalha do Pichel, da Facultade de Filoloxía da USC, da plataforma Compostela Aberta, da organización Movemento Arredista e do Movemento de Renovação Pedagógica Nova Escola Galega.